




Xosé Neira Vilas e Manuel Rivas.



Manuel Rivas estrea o prêmio da Asociación de Escritores

Neira Vilas será o homenaxeado na vindeira edición de *O escritor na sua terra*

O lapis do carpinteiro é o libro que merece o premio establecido pola Asociación de Escritores na súa primeira edición, segundo se puxo de manifesto na última asemblea xeral da asociación. A través dunha votación dos socios, Manuel Rivas saíu escollido para inaugurar este galardón, sen dotación económica. Asímismo a asociación renovou parte da súa directiva e apresentou os proxectos para este ano 1999, entre os que se inclúe adicar a homenaxe *O escritor na sua terra* a Xosé Neira Vilas.

Para Miguel Anxo Fernán Vello é de destacar o feito de que na concesión deste premio interveñan os escritores asociados á AELG cos seus votos. *O lapis do carpinteiro*, traducido a varios idiomas, é un dos libros máis vendidos da historia da literatura galega. Rivas recolleu o crecente interese polo pasado, aínda en boa medida oculto, do franquismo e a guerra, para construír unha obra que insiste na mensaxe do amor, a esperanza e a solidariedade como mellor modo de estífar as cicatrices profundas causadas polos conflitos bélicos. Aínda sen confirmar está a data de entrega do premio, unha pluma que simboliza "a escrita de calidade".

Na mesma asemblea na que se fixo público o premio, tamén se renovou parte da directiva da AELG. Continua como presidente Uxío Novoneira, como vicepresidente Carlos Mella e

como secretario Miguel Anxo Fernán Vello. Os vocais son Pilar Vázquez Cuesta, Xosé María Álvarez Cáccamo, Luís Villalta, Carlos Bernárdez, Marta Dacosta e Iolanda Castaño. "A incorporación de dúas poetas novas resposta á adaptación a realidade literaria na Galiza. Hai que ter en conta que novas voces, e sobre todo de mulleres, están dinamizando o panorama literario", comenta Fernán Vello.

Esta xunta directiva é a encargada de levar adiante un programa de actividades que inclúe a homenaxe *O escritor na sua terra*, que chega á quinta edición. Desta vez, será Xosé Neira Vilas o que reciba os parabéns

dos seus compañeiros como o ano pasado lle acontecera a María Xosé Queizán. A homenaxe consta da entrega da letra E, a máxima distinción da AELG e a inauguración dun monolito e dunha rúa co nome de Neira Vilas no concello de Vila de Cruces, cuxa parroquia Gres é a terra natal do autor de *Memorias dun neno labrego*.

Numerosas adhesións a Méndez Ferrín

"Tivemos adeseñs á candidatura ao Nobel de Méndez Ferrín de máis de cincuenta concellos, da Federación de Municipios, do Instituto da Língua, dos edi-

tors e, a última, do Eixo Atlántico. O eco da nosa proposta a Academia Sueca foi altísimo, hai que valoralo de xeito positivo como punto de partida para o recoñecemento da literatura galega", explica Fernán Vello. Esta iniciativa foi valorada na asemblea da AELG, na que tamén se anunciou que a vindeira edición do *Galeuzka*, encontro dos escritores galegos, bascos e cataláns que chega a súa 16ª edición, celebrárase en Castellón. Vinte escritores formarán a delegación galega.

Para este ano 1999, a Asociación de Escritores ten previsto organizar unhas xornadas que analicen a relación existente entre literatura e xornalismo, moi presente tanto no pasado como na actualidade, e outras que xiren ao redor da obra de Manuel Antón. O debate continua en distintas cidades galegas cun ciclo de mesas redondas sobre o estado da escrita do país.

María Mariño vai ser reivindicada pola AELG cun recital a celebrar no Courel coa participación de poetas de todas idades e chegados de diferentes puntos de Galiza. "É unha das grandes voces poéticas e queremos lembrala dun xeito cordial", di o secretario da AELG. Dous novos números de *Contemporánea*, a revista da asociación —un deles centrado nas ponencias do último congreso de escritores novos— van ser lanzados tamén no transcurso deste ano. ♦

O COUDEL

Terra Chá

Boletín da cultura chaieira

Número 4. Inverno 1999.

Editor: Brigadas en Defensa do Patrimonio Chaieiro.

Coordenador: Fernán López Álvarez.

Felipe Arias analiza un período fundamental na conformación da Galia en Castrexos, máis e mellor que célticos. Para achegarse ao Reino de Galiza, artigos de Anselmo



López Correia e Carlos Pereira e para coñecer a situación do galego oral e escrito na época medieval informacións da man de Freixeiro Mato. Colaboran tamén neste número Luis Hixil-

nio, Avelino Fernández, Francisco Rodríguez, Lois Diéguez, Rosa Bugallo, Paulo Martínez, Orlando Viveiro, Lois Diéguez, Rubén Díaz, Xosé Folgar e Carlos Meilán. Inclúe poesía, unha conversa con Dino Pacio Lindín que desenvolve o proxecto *Solidariedade Humana* en Nova York e o comunicado Chaieiros e Chaieiras pola normalización ecolóxica. ♦

JL

Jornal de Letras, Artes e Ideas

Nº 744. Ano XIX. Do 7 ao 20 de Abril de 1999. Prezo: 350 escudos.

Dirixente: José Carlos de Vasconcelos.

O JL fai un adiamento dos libros da colección que co gallo do 25 aniversario da Revolución dos Cravos publica a Editorial Caminho. Obras de Manuel Alegre, Alexandre Pinheiro Torres, Carlos Brito, Maria Isabel Barreno, Urbano



Tabares Rodríguez, Almeida Faria, Alice Vieira, Mário de Carvalho, Mía Couto e Germano de Almeida e fotos de Sebastião Salgado, agrupadas baixo o título *Onze histórias do 25 de*

Abril. Entre os contidos do quincentário portugués destaca a entrevista ao cineasta António-Pedro Vasconcelos. ♦

Guia dos Livros Novos

Número 6. Abril 1999. Prezo 300 pta.

Dirixente: Xavier R. Madriñán.

Editor: Noroeste Edicións.

A industria editorial en Galiza, da economista Rosa María Verdugo, *Tempo de lecer* de Domingos García-Sabell, a historia da fotografía afeccionada do 1950 ao 1965 que elaborou Manuel Sendón e a obra de antropología *A casa popular* de Manuel Camarín, son algúns dos traballos aos que se



achegan as críticas deste número. Manuel Rivas, Margarita Ledo Andión, Emilio Grandío, Alberto Pena, Manuel Damián, Xosé Manuel Valcárcel, Estro Montaña, Ricardo Martínez-Conde, Cándido Duro, Pedro González, Giacomo Leopardi, Manuel F. Vieites e Eugene Ionesco completan o índice de autores seleccionados. ♦

TABLA DAS LETRAS

FICCIÓN

1. O LAPIS DO CARPENTEIRO
Manuel Rivas. Xerais

2. MORNING STAR
Xosé Miranda. Xerais

3. CÍRCULO
Susó de Toro. Galaxia

4. LUZ DE ABRENTE
Tuchó Calvo. Galaxia

5. ALÉN DA DESVENTURA
Xavier Alcalá. Galaxia

NON FICCIÓN

1. ROBERTO BLANCO TORRES
Marcos Seixo. A Nosa Terra

2. PRISCILIANO
Xosé Chao Rego. A Nosa Terra

3. HISTORIA DA LITERATURA GALEGA
Dores Vilavedra. Galaxia

4. HISTORIA SOCIAL DA LINGUA GALEGA
Henrique Monteagudo. Galaxia

5. A CIDADE MEDIEVAL GALEGA
Anselmo López Carreira. A Nosa Terra

Librarias consultadas:

Cartabón (Vigo), Couceiro (A Coruña), Irifree (Ferrol), Michelena (Pontevedra), Pedreira (Santiago), Souto (Lugo), Torga (Ourense).